



Programación Docente de Organoloxía Específica (Piano) I-II

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA Organoloxía Específica (Piano) I-II

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN				ITINERARIO	Piano				
CARÁCTER	B) Obrigatoria				TIPO DE CLASES	Colectiva				
DEPARTAMENTO	Piano				XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Maria José Cid Castro				
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Patricia Rejas Suárez
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	1
ETCS/ CUADRIMESTRE	3	3	-	-	-	-	-	-	Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	Patricia Rejas Suárez				patricia.rejas@gmail.com				Luns de 9 a 10	

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Cofecemento básico da construción, mantemento, comportamento acústico e características do instrumento. Apreciación e valoración da influencia das características organolóxicas dos instrumentos históricos na escritura e estilos musicais do repertorio do instrumento.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren coñecementos previos a maiores dos avaliados na proba de acceso
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
TRANSVERSAIS	T2, T4, T8, T9, T16
XERAIS	X5, X8, X9, X14, X20
ESPECÍFICAS	EI4

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Recoñecer as características dos diferentes pianos históricos: <ul style="list-style-type: none"> Cuadrimestre I: ata mediados do século XIX Cuadrimestre II: dende mediados do século XIX ata o século XX 	T2, X(8, 20), EI4
2. Recoñecer as súas características sonoras	T(2, 4), X(8, 20), EI4
3. Relación entre as características técnicas dos diferentes teclados e a pulsación e dixitación nesta época	T2, X(9, 20)
4. Coñecer os principais construtores de cada época e as súas peculiaridades	T2, EI4

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Primeiro Cuadrimestre		
1. Os primeiros fortepianos	1.1. O piano de Cristofori, características mecánicas e sonoras 1.2. O dulcemel e a súa relación co piano 1.3. O piano de Silbermann	2
2. O piano vienés ata 1800	2.1. O piano de Stein, características mecánicas e sonoras 2.2. O piano de Walter, características mecánicas e sonoras 2.3. Diferenzas sonoras e de pulsación entre os dous instrumentos	3
3. O piano inglés ata 1800	3.1. O primeiro piano inglés e a súa concepción 3.2. Os pianos Broadwood, características mecánicas e sonoras 3.3. Comparación entre os pianos vieneses e os ingleses.	3
4. A técnica dos primeiros fortepianistas	4.1. A técnica de Mozart 4.2. A técnica de Haydn	2
5. Tratados e métodos ata Clementi	5.1. Ricci e Lohlein 5.2. Türk 5.3. Dussek e Pleyel	3



6. Audicións e traballo académico	Audicións comparadas dos diferentes instrumentos e exposición dun traballo asignado polo profesor	3
Segundo Cuadrimestre		
1. Características mecánicas e sonoras dos pianos da primeira metade do século XIX en Europa	1.1. O piano francés 1.2. O piano inglés 1.3. O piano vienés	2
2. Principais tratadistas da primeira metade do século XIX:	2.1. Clementi 2.2. Beethoven 2.3. Outros tratados	3
3. Características mecánicas e sonoras dos pianos da segunda metade do século XIX en Europa	3.1. O piano francés 3.2. O piano inglés	3
4. Desenvolvemento do piano no século XX. Principais construtores europeos.	4.1. Principais construtores 4.2. Características propias de cada marca	2
5. O piano no século XX. Principais construtores fóra de Europa	5.1. Principais construtores 5.2. Características significativas de cada marca 5.3. Diferenzas entre unhas marcas e outras	3
6. Audicións e traballo académico	Audicións comparadas dos diferentes instrumentos e Exposición dun traballo asignado polo profesor	3
Total de sesións por cuadrimestre		16

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias: realizarase unha charla introdutoria sobre a orixe dos instrumentos de teclado	1	-	1
Exposición maxistral: a profesora, mediante exposición maxistral, achegará os contidos desta materia	10	20	30
Exposición práctico-teórica: utilizaranse, como complemento á exposición maxistral audicións, vídeos e lecturas sobre todo o relativo aos contidos da materia	2	16	18
Lectura guiada e comentario de fontes: a profesora orientará ao alumnos sobre os recursos a utilizar no afondamento do estudo dos temas a tratar. As conclusións serán comentadas en clase	1	20	21
Busca de información: para a realización do traballo obrigatorio da materia, o alumno deberá investigar e recompilar datos sobre o tema a tratar	-	18	18
Exposición e debate de traballos: o traballo será exposto en público e comentado na clase.	2	-	2
Total de horas por cuadrimestre			90

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (con avaliación continua)			
Traballo persoal	Valorarase a asistencia a clase, as achegas e o traballo individual de cada alumno	TODAS	30%
Exame escrito	Valoraránse os coñecementos do alumno	TODAS	40%
Traballo académico	Valoraránse os coñecementos do alumno tras a investigación realizada, as fontes utilizadas, a exposición do traballo, o rematado final,...	TODAS	30%

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..



AVALIACIÓN ORDINARIA (convocatoria adelantada-Diciembre)			
Exame escrito	Valoraránse os coñecementos do alumno	TODAS	100%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (para alumnado con perda da avaliación continua)			
Exame escrito	Valoraránse os coñecementos do alumno	TODAS	100%
EXTRAORDINARIA			
Exame escrito	Valoraránse os coñecementos do alumno	TODAS	100%
ERASMUS			
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.			
Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.			

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

Referencias básicas:

- Chiantore, Luca - "Historia de la técnica pianística" (Ed. Alianza Música)
- Colt, C.F. - "The Early Piano" (Ltd London, 1981)
- Dolge, Alfred - "Pianos and their Makers" (Dover Publications, New York 1972)
- Türk, Daniel Gottlob - "Klavierschule oder Anweisung zum Klavierspielen für Lehrer und Lernende mit kritischen Anmerkungen" (Bärenreiter Verlag, Kassel, 1962)
- Levaillant, Denis - "El Piano" (Editorial Labor, S.A., Barcelona 1990)
- Lopez Alonso, Mª de los Ángeles - "Historia del Piano y de la Interpretación Pianística" (Mª de los Ángeles López Alonso, 1998).
- Rattalino, Piero - "Historia del Piano"(Ed. Labor, Barcelona 1988)
- Rejas, Patricia - "Organología específica del piano. Desarrollo del for tepiano, el clave y el clavicordio hasta comienzos del siglo XIX", Bubok Publishing S.L., 2012
- Siepmann, Jeremy - "El Piano" (Ed. Acento Editorial, Madrid 1996)
- White, William B. - "Theory and Practice of Piano Construcion (Dover Publications, New York 1975)
- L. Dussek- I. Pleyel, "Méthode pour le pianofor te" (Studio per Edizione Scelte, basado en el tratado original de París 1797, Firenze 1992)
- Muzio Clementi, "Gradus ad Parnassum"(Belwin Mills Publishing Corp., New York 1897)
- Muzio Clementi, "Metodo completo pel Piano-forte" (Arnaldo Forni Editore, sobre la primera edición italiana, Italia 2000)
- Johann Baptist Cramer, "21 Etüden für Klavier nach dem Handexemplar L. V. Beethoven aus dem Besitz A. Schindler" (Universal Edition, Viena 1974)
- Diccionario Harvard de música (Alianza Diccionarios, Madrid 1997)
- The new Grove Dictionary of Music & Musicians, MacMillan Publishers Limited, London 1988

Referencias complementarias:

- "A Performer's Comparative Study of Touchweight, Key-Dip, Keyboard Design and Repetition in Early Grand Pianos, c. 1770 to 1850" de Kenneth Mobbs (Galpin Society Journal, Vol. 54).
- Luisa Morales, "Claves y pianos españoles: Interpretación y reper torio hasta 1830" (Ed. Leal, Almería 2003)
- Discografía seleccionada por el profesor